

## Xuño/Xullo, 2010. Participación en feiras locais do viño

Os técnicos das rutas do viño recentemente contratados participaron na feira *Vinis Terrae*, que tivo lugar en Ourense os días 7 e 8 de xuño, e aproveitaron a estancia para facer enquisas aos visitantes, co fin de coñecer as motivacións de principais demandas do enoturista. Neste salón estiveron presentes tamén as cinco denominacións de orixe de Galicia, así como outras Indicacións Xeográficas Protexidas galegas. As actividades que se levaron a cabo xiraron arredor de seminarios especializados, concursos de catas e visitas aos stands das diversas D.O.

Por outra parte, está prevista a asistencia ás feiras do viño que se celebran nas distintas localidades nas rutas do viño. Neste sentido, o técnico da ruta do viño das Rías Baixas participou na V Festa do Tinto das Neves (Pontevedra) os días 3 e 4 de xullo, dando presenza ao proxecto, e tamén participará na feira do Rosal os próximos días 16, 17 e 18 de xullo.



